

II. AUTORIDADES E PERSOAL**a) CESAMENTOS:****CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Decreto 93/2005, do 28 de abril, polo que se dispón que cese Juan Carlos Maneiro Cadillo como director xeral do Centro de Control do Medio Mariño.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Que cese Juan Carlos Maneiro Cadillo como director xeral do Centro de Control do Medio Mariño, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

b) NOMEAMENTOS:**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS**

Decreto 94/2005, do 28 de abril, polo que se nomea director do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño a Juan Carlos Maneiro Cadillo.

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, recolle no título II, artigo 8-2º a figura de director como o órgano encargado da dirección e xestión do ente público. Así mesmo, o parágrafo 1 do dito artigo, establece que o director do Intecmar será nomeado polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro competente en materia de pesca.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos e logo de deliberación do

Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Nomear a Juan Carlos Maneiro Cadillo como director do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día 1 de maio de 2005.

Santiago de Compostela, vinte e oito de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento de centros que prestan servizos para a atención a menores dependentes de entidades de iniciativa social e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe, no seu artigo 5.3º, como unha das súas áreas de actuación a familia, infancia e mocidade, e nos artigos 53 ao 57 inclusive, as liñas, forma de convocatoria, condicións, requisitos e tipos de subvencións que se poderán establecer na materia.

O Decreto 5/2005, do 13 xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, atribúelle á devandita consellería, no seu artigo 1º, competencia en materia de familia, infancia e menores, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia.

A Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, establece no seu artigo 15.b) que a Xunta de Galicia promoverá o coñecemento e fomento dos recursos destinados á atención á infancia e á adolescencia, procurando que os menores dispoñan dos medios necesarios para o seu desenvolvemento integral.

No texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, e pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, establécense os requisitos e normas necesarios e básicos para a xestión e actividade económico-financeira, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Na aplicación 14.02.212D.780.0 existe partida orzamentaria para as axudas que se establecen na presente orde, reservándose para tal efecto un crédito de 180.304 €.

Consonte o exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é establecer as bases polo que se rexe a concesión de axudas económicas para as entidades de iniciativa social que presten servizos de atención aos menores institucionalizados, co fin de levar a cabo os investimentos que sexan necesarios para a súa adecuación aos principios establecidos no Plan de equipamentos na área de menores en desprotección social, incluído no Plan integral de apoio á familia.

Os centros e servizos obxecto de subvención en virtude desta convocatoria son aqueles establecementos que serven de soporte convivencial para unha atención especializada a menores en situación de desamparo ou marxinación social, non susceptibles de acollerse a outro tipo de medidas (axudas en familia, adopcións, acollementos familiares,...), que ofrecen transitoriamente aloxamento, asistencia integral e unha dotación de servizos e programas especialmente orientados cara á normalización, personalización e integración sociofamiliar dos seus beneficiarios.

Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán solicitar a concesión das axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

-Sexan titulares de un centro tipificado como centro de menores.

-Estean inscritas no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais desta consellería, segundo o disposto no Decreto 291/1995, do 3 de novembro

(DOG número 218, do 14 de novembro), polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais.

-Obtivesen o permiso para o inicio das actividades do centro ou o solicitasen neste ano, en tanto non se teña resolto esta convocatoria.

Ademais, as ditas entidades deben cumprir os requisitos establecidos no artigo 56 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais (DOG número 76, do 23 de abril), no Decreto 243/1995, do 28 de xullo (DOG número 159, do 21 de agosto), polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais e na Orde do 29 de febreiro de 1996 (DOG número 57, do 20 de marzo), modificada pola Orde do 6 de novembro de 2000 (DOG nº 224, do 20 de novembro), pola que se regulan os requisitos específicos que deben reunir os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Artigo 3º.-Tipo de axuda.

A axuda destinada a estes servizos concederáse en forma de subvención para investimento, enténdéndose por tal os seguintes conceptos:

1. Adquisición de inmobles.
2. Construción de nova planta.
3. Reforma, ampliación ou mellora de edificios e instalacións.
4. Equipamento e mobiliario.

Artigo 4º.-Contía das axudas.

A contía destas axudas fixarase en función das necesidades de cada centro, do proxecto presentado para tal fin, do orzamento total asignado a este e tendo en conta os criterios de avaliación contidos no artigo 9 desta orde.

Artigo 5º.-Normas xerais de subvencións.

a) O importe das subvencións para investimento reguladas nesta convocatoria en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

b) A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado poderá efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento dos requisitos exixidos pola Lei de servizos sociais de Galicia ás entidades de iniciativa social, para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins desta orde, ás de control financeiro que corresponden e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 78.4º.d) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario modificada pola Lei 14/2004, e o artigo 14.c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Artigo 6º.-Solicitudes e documentación.

As entidades presentarán xunto coa solicitude (anexo I) a documentación que a continuación se sinala:

1. Documentación xeral.

a) Memoria da institución segundo modelo oficial (anexo II).

b) Fotocopia compulsada da acreditación da personalidade e representación do solicitante.

c) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.

d) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

e) Fotocopia compulsada dos estatutos ou das variacións que houbera neles para aquelas entidades que soliciten subvencións por primeira vez, ou as que, mesmo tendoas solicitadas en anos anteriores, sufrisen variacións estatutarias.

2. Documentación específica.

2.1. Para adquisición de bens inmobles.

a) Certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que o inmovible obxecto da adquisición está libre de cargas, así como a titularidade deste a favor do vendedor.

b) Documento de opción de compra, no que se indicará a data de caducidade desta, así como o prezo e a forma de pagamento.

c) Informe técnico sobre o estado do inmovible.

2.2. Para subvencións de construción, reforma e adecuación.

a) Certificado do Rexistro da Propiedade que acredite o dominio do solicitante do inmovible ou, se este é en alugamento ou cedido, certificado do propietario facendo constar as condicións nas que se efectuou este e a súa conformidade coas obras que se pretenden realizar.

b) Certificado do concello correspondente no que se faga constar que os plans urbanísticos aprobados e as ordenanzas municipais en vigor permiten a realización da obra que se proxecta.

Están exentas de presentar este certificado, as entidades que realicen obras menores ou reformas que non afecten a estrutura do edificio, a distribución interior, o aspecto exterior do inmovible ou elementos catalogados.

c) Memorias das obras que se van realizar, cun orzamento incorporado.

d) Plan de financiamento da obra.

e) Cando a subvención se solicite para a creación dun centro ou no caso de que a reforma ou adecuación supoñan unha modificación substancial do centro, segundo establece o artigo 14.2º do Decreto 243/1995, é necesario presentar copia da solicitude da oportuna autorización administrativa ou desta autorización se xa estivese concedida.

2.3. Para subvencións de equipamento.

a) Memoria do equipamento e orzamento do importe das adquisicións que se pretendan realizar, axustándose a criterios de funcionalidade e economía.

b) No caso de que no ano anterior se subvencionase a construción do centro, acreditación de que a obra está totalmente rematada.

c) Relación do equipamento subvencionado con cargo as axudas do ano anterior que terá que contar coa comprobación do técnico da delegación provincial correspondente.

Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

A solicitude e mais a documentación requiridas dirixiranse de conformidade cos modelos normalizados á Dirección Xeral de Familia, sendo de aplicación en todo caso o disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Aquelas entidades, que tivesen equipamentos en varias provincias presentarán, se é o caso, unha solicitude para cada provincia competente.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 42 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Artigo 8º.-Tramitación dos expedientes.

1. Na Dirección Xeral de Familia comprobarase que os expedientes reúnen todos os requisitos previstos nesta orde. De non ser así, requirirase ao interesado ou, se é o caso, ao seu representante, para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, terase por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

2. Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á comisión de valoración, que terá a función de propoñer a aprobación ou denegación das axudas, seguindo os criterios obxectivos recollidos nesta orde.

3. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

-Presidente: o/a subdirector/a xeral de menores, ou persoa en quen delegue.

-Vogais: o/a xefe/a de servizo de Familia, Infancia e Menores de cada unha das delegacións provinciais, o/a xefe/a de servizo de Defensa do Menor da Dirección Xeral de Familia e un funcionario da Dirección Xeral de Familia que actuará como secretario. Así mesmo tamén participará un representante da intervención delegada da consellería, que actuará con voz pero sen voto.

4. Procederá o trámite de audiencia nos termos establecidos polo artigo 9.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9º.-Criterios de avaliación.

A concesión de subvencións resolverase tendo en conta a adecuación ás características e requisitos dos centros de menores expostos no artigo 2º desta orde.

A comisión de valoración terá en conta os seguintes aspectos á hora de baremar as solicitudes admitidas a trámite:

Establécense dous tipos de valoración:

Valoración A: en relación co tipo de axuda solicitado.

Valoración B: en relación co desenvolvemento pola entidade da finalidade obxecto desta convocatoria.

Valoración A: a puntuación máxima outorgada non será superior a 50 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

A.1. Adquirir un inmovible durante o ano 2005 para a finalidade obxecto desta convocatoria o construír unha nova planta no centro para o que se solicita a axuda obxecto desta convocatoria: ata 40 puntos.

A.2. Reformar, ampliar ou mellorar os edificios ou instalacións durante o ano 2005, para a finalidade obxecto desta orde: ata 25 puntos.

A.3. Adquirir equipamento e mobiliario que redunde en beneficio dos menores residentes: ata 10 puntos.

Non poderán acumularse as puntuacións resultantes de baremar os puntos 1 e 2, as cales só poderán sumarse á puntuación outorgada no punto 3.

Valoración B: a puntuación máxima outorgada non será superior a 50 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

B.1. Unha ocupación media superior ao 90% das prazas concertadas no exercicio económico inmediatamente anterior: entre 10 e 15 puntos.

B.2. Unha ocupación media entre o 70 e ao 90% das prazas concertadas no exercicio económico inmediatamente anterior: entre 5 e 10 puntos.

B.3. Unha ocupación media entre o 50 e o 70% das prazas concertadas no exercicio económico inmediatamente anterior: ata 5 puntos.

B.4. Disponibilidade para o acollemento de grupos de irmáns: ata 5 puntos.

B.5. Disponibilidade para atender as necesidades de internamento urxente que produza unha sobrecupación no centro: ata 5 puntos.

B.6. Solicitar nesta convocatoria axuda para a adquisición de vehículo de transporte para os usuarios do/s centro/s: ata 10 puntos.

B.7. Solicitar nesta convocatoria unha axuda para a adquisición de equipamento informático con conexión a internet que permita a comunicación coas diferentes institucións implicadas na protección do menor: ata 15 puntos.

En relación coas valoracións B.4 e B.5, a entidade solicitante, para poder optar a estas puntuacións deberá acreditar a dita disponibilidad por medio de documento asinado polo representante desta.

A puntuación máxima que pode obter unha entidade solicitante é de 100 puntos.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Ditar a resolución da concesión das axudas, correspóndelle á directora xeral de Familia, por delegación da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, despois da súa fiscalización pola intervención, de conformidade co establecido no artigo 78.3º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no artigo 2º do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As solicitudes das axudas resolveranse no prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa as solicitudes teranse por desestimadas.

3. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pódese interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. Neste caso no poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade do establecido nesta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

O acto polo que se acorde a modificación da resolución, ou se é o caso se denegue, será ditado pola directora xeral de Familia, por delegación da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, por proposta da comisión de valoración. Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselles de manifesto aos interesados que, no prazo de dez días, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

5. Cando concorran as circunstancias previstas no punto 2.2º.e) do artigo 6º desta orde, a resolución de concesión de subvención entenderase condicionada a que a entidade obteña a autorización administrativa correspondente, da cal deberá remitir copia compulsada nos 5 días seguintes ao da súa obtención. Se non o fixese así ditarase resolución denegatoria por desistimento da solicitude da devandita concesión da subvención.

6. Así mesmo, se a entidade estivera tramitando o permiso de inicio de actividades, a concesión da subvención entenderase condicionada á efectiva obtención deste permiso.

Artigo 11º.-Pagamento e xustificación das axudas.

1. As entidades beneficiarias destas axudas, nos supostos de que a contía sexa igual ou superior a 1.500 €, e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, terán que acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, agás que a entidade beneficiaria xunte á solicitude a debida autorización, segundo o modelo anexo III, para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas.

2. A xustificación das subvencións rexeráse polo disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e son medios de xustificación preferentes da actividade subvencionada os establecidos no artigo 15, punto 2º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro (DOG número 238, do 11 de decembro), polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A axuda concedida aboarase unha vez efectuado o gasto. Será necesario presentar na Dirección Xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a seguinte documentación:

a) Axuda para adquisición de inmobles:

O aboamento da axuda efectuarase unha vez presentada, ante o órgano que a concedeu, unha copia da escritura pública de compravenda, que recollerá unha cláusula na que se faga constar que o inmovible obxecto da subvención deberá de manterse polo menos durante vinte anos destinado á finalidade que serviu de fundamento á petición.

Deberá chegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

-Axudas para a construción, reforma e adecuación de centros.

-Certificación asinada e selada pola entidade receptora da axuda, na que se faga constar a realización das obras e a conformidade con elas.

-Factura orixinal expedida pola empresa ou contratista individual que realizou a obra.

-Nas axudas para a construción de nova planta presentarase compromiso asinado polo representante legal da entidade beneficiaria de que o inmovible se destinará, durante 20 anos, á finalidade que serviu de fundamento á petición.

-Axudas para equipamento.

-Certificado do representante da entidade no que conste a realización da subministración e a súa conformidade con ela.

-Facturas orixinais, debidamente conformadas, de cada unha das casas subministradoras.

-Nas axudas para equipamento presentarase compromiso asinado polo representante legal da entidade beneficiaria de que o equipamento se destinará durante cinco anos á finalidade que serviu de fundamento á petición.

Nas dúas epígrafes anteriores, as facturas deberán cumprir o disposto no Real decreto 1496/2003, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido.

A data límite de presentación das xustificacións será o 31 de decembro de 2005.

4. Procederá a comprobación material do investimento nos supostos de axudas superiores a 60.100 €.

Artigo 12º.-Outras obrigas das entidades subvencionadas.

a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información, a condición de subvencionada pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, empregando para isto a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

b) Remitir os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da consellería.

c) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado sobre os seus centros e actividades.

d) Estar sometido ás actuacións de comprobación que serán efectuadas pola Dirección Xeral de Familia, e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

e) Acreditar ante o órgano concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos e das condicións que determine a concesión da axuda ou subvención.

f) No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

g) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma na forma que se determine regulamentariamente.

h) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 13º.-Revogación.

Procederá o reintegro da subvención nos termos e supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, en redacción dada polo artigo 78.10º e nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos seguintes:

1. Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente.

2. Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

3. Incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención.

4. Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

5. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión.

6. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ou incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionables ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

7. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 ao 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

8. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da axuda, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión de axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos desta comunidade autónoma para o exercicio económico do 2005 para estes fins.

Segunda.-En todo caso, as actuacións que se van subvencionar deberán realizarse dentro do exercicio económico do 2005.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas están suxeitos ao réxime sancionador previsto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, e pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Familia para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En Santiago de Compostela, 21 de abril de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA INVESTIMENTO DE CENTROS E SERVIZOS DE ATENCIÓN A MENORES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM401K	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

DON / DONA		DNI
ENDEREZO		
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO

En representación legal de:

ENTIDADE		NIF/CIF
DOMICILIO		
PROVINCIA	LOCALIDADE	Nº REGISTRO DA ENTIDADE NA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO
¿TEN SUBSCRITO CONVENIO DE COLABORACIÓN OU CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO COA CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA O ACOLLEMENTO RESIDENCIAL DE MENORES? ☐ SI ☐ NON		

CENTRO OU SERVIZO PARA O QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

DENOMINACIÓN	TIPO EQUIPAMENTO	CONCEPTO SUBV.	IMPORTE TOTAL DE GASTOS	IMPORTE SOLICITADO
IMPORTE TOTAL				

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO CONTA BANCARIA			
BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA

ORZAMENTO

Orzamento global do programa	<table border="1"> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </table>																
Orzamento solicitado	<table border="1"> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </table>																

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de abril de 2005 pola que se regulan as axudas para investimento de centros que prestan servizos para a atención a menores dependentes de entidades de iniciativa social e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA , de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE																
RECIBIDO	<table border="1"> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </table>																	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /																	
		DATA DE SAÍDA / /																

Director/a xeral de Familia

ANEXO II

I.- DATOS DE EQUIPAMENTO (no caso de solicitar a subvención para varios equipamentos, deberá presentar unha memoria para cada un deles)														
ENTIDADE														
DENOMINACIÓN DE EQUIPAMENTO														
TIPOLOXÍA: <table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td>☐ Casa de primeira acollida</td> <td>☐ Centro con fogares</td> <td>☐ Centro de atención específica</td> </tr> <tr> <td>☐ Casa de familia</td> <td>☐ Centros de reeducación</td> <td>☐ Centro de atención de día</td> </tr> <tr> <td>☐ Minirresidencia</td> <td>☐ Vivenda tutelada</td> <td></td> </tr> <tr> <td>☐ Residencia</td> <td>☐ Piso asistido</td> <td></td> </tr> </table>			☐ Casa de primeira acollida	☐ Centro con fogares	☐ Centro de atención específica	☐ Casa de familia	☐ Centros de reeducación	☐ Centro de atención de día	☐ Minirresidencia	☐ Vivenda tutelada		☐ Residencia	☐ Piso asistido	
☐ Casa de primeira acollida	☐ Centro con fogares	☐ Centro de atención específica												
☐ Casa de familia	☐ Centros de reeducación	☐ Centro de atención de día												
☐ Minirresidencia	☐ Vivenda tutelada													
☐ Residencia	☐ Piso asistido													
ENDEREZO														
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO												
Nº total de persoal educativo _____	Outro persoal _____	Nº total de prazas de convenio ou contrato _____ Nº total de prazas de carácter xeral _____ Nº total de prazas de características especiais _____ Nº de prazas de día _____												
Capacidade total do centro _____														
II.- BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO														
III.- XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO (especificar seguindo o contido do plan de equipamentos)														
IV.- ORZAMENTO. CUSTO DO INVESTIMENTO														
V.- MEDIOS MATERIAIS E FONDOS DE FINANCIAMENTO														
VI.- OUTROS DATOS DE INTERESE														

ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA INVESTIMENTO EN CENTROS DE ATENCIÓN A MENORES	FM401K	AUTORIZACIÓN

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Familia para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____.

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Director/a xeral de Familia

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Resolución do 4 de marzo de 2005, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para o persoal laboral do Concello do Vicedo.

Visto o texto do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello do Vicedo (código 2700942), da provincia de Lugo, asinado o día 22 de decembro de 2004 entre o alcalde-presidente, en representación do concello, e a delegada de persoal de UGT, pola parte social, texto que foi posteriormente aprobado en sesión extraordinaria polo Pleno do Concello o 30 de decembro de 2004, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

Esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remitir o texto do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 4 de marzo de 2005.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Convenio sobre condicións laborais e económicas para o personal laboral do Concello do Vicedo.

Capítulo I
Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Ámbito persoal.

Os acordos que se recollen neste documento serán de aplicación ao persoal laboral adscrito ao Concello do Vicedo.

Queda exceptuado do ámbito de aplicación persoal deste convenio todo aquel que se contrate ao abeiro de programas específicos ou mediante concertos subscritos con organismos estatais, autonómicos ou con outras corporacións e/ou que preste servizos de carácter eventual ou conxuntural, cuxo coste se financie como mínimo nun 50% con cargo a subvencións procedentes doutras administracións públicas, o cal se rexerá polas especificacións que figuren no programa ou convenio ao amparo dos que se con-